



MÁIS CONTAS E MENOS CONTOS!

É perfectamente lexítimo que calquera organización sindical convoque mobilizacións, folga ou o que considere oportuno. O que non é lexítimo é que engane ao profesorado.

A CIG oculta que non fixo ningunha proposta na negociación das mesas sectoriais que tiveron lugar os días 2 e 4 de outubro de 2023 (poden verse as actas). E na mesa sectorial do día 6 explicou que eles optarían por un incremento retributivo lineal pero sen facer contrapropostas á presentada pola Consellería de Educación (15 % de incremento en 3 anos nos sexenios e 45 euros de incremento para cargos directivos). Lamentable!

Igualmente lamentable é a linguaxe bélica utilizada para descualificar a outras organizacións sindicais coas que non están de acordo. Pero máis lamentable é que agora presenten unhas contas falseadas. Na súa proposta non apareceu por ningures o incremento no complemento da función titorial e outras funcións docentes, polo que incorporala agora na súa “proposta” lineal é miserable. Ao igual que contabilizar outras melloras acadadas na negociación sen a súa intervención, como o incremento do 15 % ao 20 % nos sexenios e a diferenza de 45 a 60 euros no complemento polo desempeño de órganos unipersoais, sen telo proposto antes.

Botemos contas... temos que traballar cun mínimo marxe de erro porque non sabemos cal será a suba salarial para o ano 2025. Por outra banda, cos últimos datos do Ministerio sobre número de profesorado público en Galicia, hai sobre 34000 docentes tendo en conta a funcionarios de carreira, laborais e persoal interino e substituto.

Tendo en conta isto, **o incremento do complemento de función titorial e outras funcións docentes ascende a 10,44 €**. O cálculo é sinxelo; basta con coller a contía final dese concepto económico en 2023 (CCOO aplica o incremento do 3,5 % previsible para este exercicio) e aplicarlle a suba fixa que haberá en 2024 dun 2 % e sobre esa cantidade, calcular o 20 % de incremento.

O incremento lineal que correspondería do reparto dos **60 euros mensuais do complemento por desempeño de órganos unipersoais** non podemos calculalo con exactitude, porque non temos o número exacto de profesorado que cobrará este concepto. Pero podemos facer un cálculo moi aproximado se consideramos que vai aplicárselle a uns 3400 docentes, unha décima parte do profesorado, polo que **o reparto lineal sería de 6 euros mensuais**.

O **incremento do 20 % nos sexenios** podemos calculalo acudindo aos datos que son públicos na **Lei de Orzamentos da Xunta de Galicia**. Non hai máis que coller a masa salarial anual dedicada a este concepto e calcular o 20 %. Temos así o incremento total que dividido entre 14 pagas e **repartido linealmente entre uns 34.000 docentes (aínda que podería ser algún máis) danos unha cantidade de 38,42 euros**; cantidade moito máis baixa da que publica esa organización na súa “proposta”, por chamala dalgunha forma.





A única diferenza realmente significativa nas cifras está no reparto lineal dos sexenios. **Pero é que a desviación entre uns e outros cálculos vaise por riba do 50%, aí é nada!** Debemos lembrar que os sexenios son un concepto vencellado á formación permanente do profesorado e á súa antigüidade, co que repartilo de forma lineal ou non lineal non ten efecto no que todas e todos imos cobrar ao final da nosa vida laboral.

Os datos son estes e CCOO si que explica de onde saen os números. Ademais, a repercusión para cada persoa, dependendo da súa situación, pode verse nas seguintes táboas. Así que...

MÁIS CONTAS E MENOS CONTOS!

Diferenza no caso de persoas que SI desempeñan órganos unipersoais de goberno							
	CONCEPTO	0º Sexenio	1º Sexenio	2º Sexenio	3º Sexenio	4º Sexenio	5º Sexenio
REPARTO LINEAL	Titoría	10,44 €	10,44 €	10,44 €	10,44 €	10,44 €	10,44 €
	Sexenios	38,42 €	38,42 €	38,42 €	38,42 €	38,42 €	38,42 €
	Cargos directivos	6,00 €	6,00 €	6,00 €	6,00 €	6,00 €	6,00 €
	TOTAL	54,86 €	54,86 €	54,86 €	54,86 €	54,86 €	54,86 €
ACORDO	Titoría	10,44 €	10,44 €	10,44 €	10,44 €	10,44 €	10,44 €
	Sexenios	0,00 €	14,17 €	32,39 €	56,68 €	91,09 €	101,21 €
	Cargos directivos	60,00 €	60,00 €	60,00 €	60,00 €	60,00 €	60,00 €
	TOTAL	70,44 €	84,61 €	102,83 €	127,12 €	161,53 €	171,65 €
DIFERENZA CO ACORDADO		-15,58 €	-29,75 €	-47,97 €	-72,26 €	-106,67 €	-116,79 €

Diferenza no caso de persoas que NON desempeñan órganos unipersoais de goberno							
	CONCEPTO	0º Sexenio	1º Sexenio	2º Sexenio	3º Sexenio	4º Sexenio	5º Sexenio
REPARTO LINEAL	Titoría	10,44 €	10,44 €	10,44 €	10,44 €	10,44 €	10,44 €
	Sexenios	38,42 €	38,42 €	38,42 €	38,42 €	38,42 €	38,42 €
	Cargos directivos	6,00 €	6,00 €	6,00 €	6,00 €	6,00 €	6,00 €
	TOTAL	54,86 €	54,86 €	54,86 €	54,86 €	54,86 €	54,86 €
ACORDO	Titoría	10,44 €	10,44 €	10,44 €	10,44 €	10,44 €	10,44 €
	Sexenios	0,00 €	14,17 €	32,39 €	56,68 €	91,09 €	101,21 €
	TOTAL	10,44 €	24,61 €	42,83 €	67,12 €	101,53 €	111,65 €
	DIFERENZA CO ACORDADO		44,42 €	30,25 €	12,03 €	-12,26 €	-46,67 €

